

ACTA DA XUNTA ELECTORAL

ACTA DE PROCLAMACIÓN PROVISIONAL DE CANDIDATURAS Á PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Nº: 07/26

Data: 15 de xuño de 2026

Hora: 10:00 horas

Modalidade: Reunión telemática

ASISTENTES:

- D. Javier Nogueira Garrido
- D. Alberto Prieto Álvarez
- D. Carlos Rodríguez Vicente

Actúa como Secretario D. Carlos Rodríguez Vicente, quen levanta a presente acta.

EXPÓN

Primeiro.– Que, de conformidade co calendario electoral aprobado e co disposto no Regulamento Electoral da Federación Galega de Balonmán, finalizou o prazo de presentación de candidaturas á Presidencia da Federación Galega de Balonmán.

Segundo.– Que, dentro do prazo regulamentariamente establecido, foi presentada a seguinte candidatura:

- D. Bruno López Molina, con DNI ***330257Z.

Terceiro.– Que a Xunta Electoral procedeu á comprobación da documentación presentada pola persoa candidata, verificando o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento Electoral e na normativa vixente para concorrer á Presidencia da Federación Galega de Balonmán.

Cuarto.– Que consta a presentación da documentación acreditativa requirida, incluídos os avais regulamentariamente esixidos, así como as correspondentes declaracións responsables previstas na normativa electoral.

ACORDA

PRIMEIRO.– Proclamar provisionalmente a seguinte candidatura á Presidencia da Federación Galega de Balonmán:

- D. Bruno López Molina.

SEGUNDO.– Publicar a presente proclamación provisional nos medios oficiais da Federación Galega de Balonmán e notificala ás persoas interesadas.

TERCEIRO.– Abrir o correspondente prazo para a presentación de reclamacións e recursos ante a Xunta Electoral a través do correo electrónico xuntaelectoral@fgbalonman.com.

CUARTO.– Facer constar que, de non presentarse reclamacións dentro do prazo regulamentariamente establecido, a candidatura anteriormente indicada será proclamada definitivamente pola Xunta Electoral.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 10:15 horas, do que como Secretario dou fe.

O Secretario da Xunta Electoral

Vº Bº O Presidente da Xunta Electoral

Fdo.: Carlos Rodríguez Vicente

Fdo.: Javier Nogueira Garrido